



MADRUGADORES E TARDES DIVERTIDAS 2021/2022

O Concello de Outes pon a disposición das familias outenses os servizos de conciliación “Madrugadores” e “Tardes Divertidas” para curso 2021-2022, que forman parte do programa “Outes Concilia”. Ditas actividades desenvolveranse no edificio autónomo do CEIP Plurilingüe de Outes.

- **Madrugadores:** ofrece un servizo de acollida, coidado, no que os menores poden almorzar. As familias deberán achegar os alimentos diariamente en termos ou envases adaptados a este fin.

Levarase a cabo durante todo período lectivo, en horario de 8:00 da mañá ata o inicio das aulas. As familias farán uso do mesmo, en función das súas necesidades, pero deben incorporarse ó mesmo, como mínimo 30 minutos antes de comezar a xornada escolar. **O inicio da prestación do servizo será o primeiro día do calendario escolar 2021-2022.**

- **Tardes Divertidas:** consiste na ampliación do horario de saída do centro en dúas horas, unha vez finalizada a xornada escolar, de luns a venres, días lectivos, durante os meses de outubro de 2021 a maio de 2022, segundo as necesidades de conciliación das persoas usuarias. **Comezo da prestación do servizo o 1 de outubro.**

Ámbolos dous servizos están destinados a nenas e nenos escolarizados no CEIP de Outes, de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. Poderán ser utilizados de forma fixa ou ocasional.

Prazas limitadas.

Os prezos públicos de “Madrugadores” e “Tardes Divertidas” figuran establecidos na ordenanza reguladora correspondente e ascenden a **20 € mensuais cada un deles**, podendo ser utilizados por un importe de **2 € por día e servizo**.

Exención e bonificacións

Segundo as circunstancias da unidade familiar aplicaranse os seguintes descontos:

1.- Exención

A emisión dun Informe Social do departamento de Servizos Sociais que indique a necesidade do servizo sen que haxa posibilidades económicas para abonar o custo do mesmo implicará a exención da cota.

2.- Bonificacións

Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns/irmás de xeito simultáneo, o segundo irmán/irmá e sucesivos terán un desconto do 50%.

As persoas usuarias dos servizos “Madrugadores” e “Tardes Divertidas”, que no mesmo mes fagan uso dos dous, terán unha bonificación do 50% no importe do segundo servizo.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

Estas bonificacións non se aplicarán cando fagan uso dos servizos en días soltos.

Documentación a achegar

Fotocopia do libro de familia. No caso de tratarse de familias numerosas ou monoparentais acredítalo co título correspondente.
Copias da declaración da renda do ano 2020 de ambos proxenitores
Fotocopia tarxeta sanitaria da/o menor
O persoal técnico responsable do servizo poderá requirir outra documentación complementaria ou adicional que precise.

O desenvolvemento dos citados servizos realizarase seguindo un estrito protocolo de seguridade adaptado as circunstancias que se están a vivir debido a COVID-19.

As solicitudes poden presentarse de xeito telemático, a través da sede electrónica do Concello (<https://outes.sedelectronica.gal>), ou de xeito presencial no Rexistro do Concello de Outes en horario de 9:00 h a 14:00 h de luns a venres. **O prazo de inscrición será desde o 18 de agosto ao 2 de setembro.**

A listaxe de menores admitidos no servizo, identificados polo número de rexistro correspondente, será publicada no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Outes. A información e coordinación de ditos servizos de conciliación lévase a cabo dende o CIM (Centro de Información ás Mulleres) e será preciso solicitar **cita previa** para a atención no número de teléfono 981 850 949.